



A SEMANA TRÁXICA DE TERRORISMO MACHISTA EN ESPAÑA

Seis. Seis foron as vítimas da violencia machista nunha semana neste país. Entre elas unha muller de vinte e oito anos, embarazada e o seu fillo. Tan só tiña catro anos.

Seis mulleres asesinadas que eleva a quince os asesinatos no que vai de ano nun país democrático e supostamente avanzado, e que disparan o número total de vítimas de violencia machista a 1092 dende que hai estatísticas.

Qué está a fallar? Esta é a pregunta que a cidadanía se está a facer ou debería. A pregunta circula tamén entre os poderes políticos, nos medios de comunicación, nas redes sociais...

E a resposta diante das cifras non pode ser outra ... **TODO. Está a fallar todo.** A xustiza a primeira, a cidadanía, a política, os medios de comunicación, os axentes sociais.

As feministas radicais levamos tempo advertíndoo. Nosoutras non fallamos, a pesar das teorías neoliberais que pretenden confundirnos e abrir unha fenda no movemento.

A violencia de xénero é o xeito extremo de desigualdade e de discriminación das mulleres e así o sinalou o Tribunal de Dereitos Humanos.

No ano 2017 os distintos grupos parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais ratificaron o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e dende o feminismo traballamos moi duro por ese pacto e logramos o



compromiso case unánime do Congreso dos Deputados.
Toca revisión.

No noso País a Lei Orgánica contra a Violencia de xénero foi todo un exemplo para o resto do mundo, no seu momento, ao abordar a lei dun xeito integral esta violencia. Unha violencia que había que acometer dende a educación e a sensibilización. Este era o espírito da lei.

Pero este espírito multidisciplinar e integral non acabou de facerse realidade e a lei quedou, nos atreveríamos a dicir, nunha mera declaración de boas intencións.

Porque entre esas intencións se recollía a educación en igualdade como a clave para superar a violencia machista, porque coa educación en igualdade se transmiten valores de respecto e de recoñecemento entre homes e mulleres. A realidade é ben distinta. Nos centros de ensino non se aplica porque non se lle aportan nin recursos económicos, nin se lles aporta formación en xénero ao corpo docente e as expertas denuncian múltiples obstáculos para implementala.

Mentres tanto, a ultradereita, negacionista está a facer o seu traballo, aplicar a seu ideoloxía que campa libre e democráticamente, como exemplo o *pin parental*.

Nosoutras, as feministas radicais, vimos denunciando todos os obstáculos para a protección eficaz cas vítimas e advertindo que coa lexislación non é dabondo.

Porque a publicidade segue a ser sexista. Sutilmente sexista, é precisamente ese carácter sutil o que a fai máis perigosa..
Cosifica o corpo das mulleres incluso sexualiza as nenas. Todo isto baixo a permisibilidade social e política.



Porque os medios de comunicación, aínda que avanzaron no tratamento da violencia de xénero, seguen a blanquear as noticias sobre os asesinatos das mulleres en mans da súas parellas, cando din *nenas desaparecidas* en troques de *nenas secuestradas* polo seu pai, é o exemplo máis recente.

Buscan o escabroso ou as opinións das veciñanza, obviando as causas, a orixe e poucas veces contan coa opinión de persoas expertas. Algo parecido pasa coas agresións sexuais en grupo. A prensa conta o resultado pero non explica o por qué desta violencia.

Porque a irrupción das Redes Sociais que son os novos canles de comunicación e información, aos que teñen acceso a maioría da poboación, no que o anonimato ou participar baixo nome falso, facilita un arrepiante exercicio de violencia contra as mulleres, sen que ninguén o impida ou castigue. É canle preferido pola ultradereita para negar a violencia machista ou xustificala, para degradar os avances das mulleres.

Porque no ámbito xudicial, a situación é desoladora con sentenzas que máis ben adoitan ser unha advertencia do que unha muller violada, maltratada pode esperar da xustiza. En todo xuízo por violencia machista son as mulleres as xulgadas, as cuestionadas e as que levantan as sospeitas.

Porque se anima as mulleres a denunciar ao seu maltratador, pero unha vez que dan o paso, quedan tanto elas como a súas crianzas, desprotexidas a merced dun potencial asesino, que a pesar da condea, da orde de protección pode moverse libremente por todo o territorio cun arma na man e



incluso a pesar da violencia exercida, mantén a patria potestade e o dereito ao manter o contacto coas súas fillas ou fillos.

E a pesar deste argumentario que nos leva a este repunte de misoxinia e violencia o Ministerio de Igualdade fala de que o que fallou, foron os protocolos. Bueno quizás o que primeiro está a fallar, é o propio ministerio. Non esquezamos que o borrador da súa lei trans non só eliminaba dereitos ás mulleres senón que supoña a perda dos espazos seguros para nosoutas e enarbolaba o xénero, ese constructo social, que favorece o noso asesinato.

De nada serven eses protocolos senon se vai a raíz. Con protocolos ou non, nun país onde o machismo é estrutural, seguirán matándonos porque os protocolos no removen as estruturas.

O movemento feminista radical leva anos denunciando a falta de **valentía, vontade, responsabilidade e negligencia** tanto dos gobernos como do resto dos poderes públicos, para que a aplicación da Lei contra a violencia de xénero, se aplique de xeito integral. Que non se quede só na parte penal porque os castigos sempre chegan tarde. Chegan cando o maltrataror ou asesino conquistou o seu obxectivo que planificou durante anos, mentres o ministerio acariciaba os protocolos.

Vimos denunciando todos os obstáculos para a protección eficaz das vítimas e advertindo que coa lexislación non é dabondo por eso,



Esiximos que se regule expresamente a figura de violencia institucional de xénero. Non nos conformamos con que a ministra de igualdade recoñeza que están fallando os protocolos. O Estado ten o deber de garantir o cumprimento dos dereitos fundamentais das persoas e da cidadanía e para elo, esiximos unha regulación penal e civil polas posibles responsabilidades ns que puidese incurrir tanto as institucións do Estado como os seus axentes, xa sexa por acción u omisión no desempeño negligente das súas funcións, esixindo a reparación do dano causado ás mulleres vítimas, así como ás súas fillas ou fillos e as persoas do seu entorno próximo, ademais de contemplar a sanción correspondente que puidera levar parella o incumplimento das obrigas propias do cargo por parte das e dos axentes públicas que interveñan no tratamento das vítimas de violencias machistas.

Esiximos que se introduzan reformas que permitan afondar nas políticas de igualdade e erradicar a violencia de xénero dende un enfoque feminista, transversal e interseccional e sexa recollido o concepto de **violencia vicaria**, entendendo como tal a exercida contra as fillas, fillos, persoas maiores, as persoas con discapacidade ou en situación de dependencia e suxeitas á tutela, garda ou custodia da muller vítima de violencia de xénero.

Esiximos campañas de sensibilización na cidadanía.

Esiximos campañas de sensibilización e formación para os medios de comunicación que teñan que contar nos seus medios con gabinetes de xénero para o control dos contidos.



Esiximos vixiancia e protocolos na publicidade para evitar o tratamento degradante da muller á quen colocan sempre nun papel subordinado aos desexos dos homes.

Esiximos que todos aqueles axentes socializadores como poden ser os medios de comunicación, cando incumplan coas obrigas de dar as novas con perspectiva de xénero sexan sancionados polo dano social que están a causar.

Esiximos que se revise o Pacto de Estado en contra a Violencia de Xénero. Que se leve a cabo unha avaliación das campañas levadas a cabo polas autonomías e os entes locais, que en moitos casos non están sendo as axeitadas.

Esiximos unha maior transparencia na execución dos fondos do Pacto de Estado. Un maior seguimento e control que garante que todos os recursos do Pacto se centren única e exclusivamente en combater a violencia que sofren as mulleres polo feito de ser muller e que os sobrantes volvan a Igualdade.

Esiximos unha declaración institucional nos parlamentos, tanto central como nos autonómicos, nas Deputacións, nos Concellos, dos partidos políticos porque queremos saber cal é a súa postura, os seus planos para abordar esta violencia que non cesa.

E sobre todo esiximos compromiso e acción, non mensaxes de condolencias.

ESTANNOS A ASESINAR POR SER MULLERES!



Asinan este manifesto



Foro Feminista de Lugo



ASOCIACIÓN DE
PROFESIONAIS
DOS CIM

ASOCIM

